

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de maio de 2022**

Ás 17.00 horas do día 19 de maio de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste dona Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista (substituída por don Aurentino Alonso Araújo) nin dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista (substituída por dona Rosario Rodríguez Delgado).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de abril de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 21 de abril de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, reitera a pregunta xa realizada noutras comisións por Margarita Pérez Fernández sobre a aplicación “Vou contigo”, destinada a axudar á veciñanza en situación de risco por maltrato, asalto ou agresión sexual. Noutras ocasións cando se preguntou indicouse que se ía presentar e que en breve teríamos noticias desta aplicación, pero a día de hoxe non sabemos aínda como esta.

A presidenta da comisión di que non se pode precisar un día concreto, pero está a punto de saír.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pide desculpas xa que por erro esta pregunta foi á Comisión de Cooperación e na de Transparencia. Engade que esta comisión é a competente. Fai referencia ao proxecto “EmpredOU” financiado polo FSE, destinatarios, prazos, importes. Ao respecto pregunta cal é o alcance deste programa, a que poboación chegou, e en que concellos se conceden axudas, cal é o seguimento que realiza a Deputación dos proxectos que se efectivizan, se se comproba se hai algunha actividade real por parte dos destinatarios e se hai algunha exixencia unha vez rematado o período de axudas. Engade que revisou as

bases e lle chama a atención que non hai ningún compromiso de permanencia, polo que pode alguén darse de alta e ao cabo dos doce meses darse de baixa. De cara á viabilidade do proxecto, os que se acollen á medida e teñen permanencia no tempo válelles, pero engade que aqueles que non teñen esa vontade pode dar lugar a un aproveitamento espurio.

A **presidenta da comisión** indica que a resposta a esta pregunta a ten á súa disposición en transparencia por escrito, para que a recolla cando queira. Engade que lle dá pena a reflexión realizada por don Bernardo Varela, porque iso é supor que a xente se aproveita de certas cousas de maneira espuria. Di que iso non só non é así, aínda que non pon a man no lume por ninguén, pero segundo as bases este programa está destinado para persoas entre 16 e 30 anos e o seu obxectivo é para que as persoas que teñen un proxecto poidan probar a súa viabilidade, é unha axuda directa ao emprendedor. O importe consta do 75% do salario mínimo interprofesional e son 712 € actualmente e foise incrementando. Engade que hai proxectos marabillosos nesta provincia e que ela non ten coñecemento de ningunha circunstancia das que insinúa o Sr. Varela. Hai 6 perdas de dereito e foron proxectos que non foron adiante. Lembra que controis os hai. Para pagar hai controis, teñen que estar dados de alta como autónomos, a súa facturación e esa documentación se lles pide a todos. Controis hai. Indica que non podemos crear esa sensación na poboación na que se destina esta axuda. Indícalle a don Bernardo Varela que el e o seu grupo do BNG defenden o pouco o que se axuda á xente nova, pois para isto é esta subvención, que ten fondos do FSE, e foi un éxito na provincia de Ourense e non é costume que unha Deputación teña axudas de este tipo de autoemprego.

D. Bernardo Varela López, do BNG, di que non lle parecen mal as axudas. Parécenlle razoables. Falou a presidenta de facturación e el nas bases non o viu, para el ese é o punto de control, que evita que se poidan aproveitar. Na maior parte das axudas, como as de AGADER, si exige despois unha permanencia no tempo.

A **presidenta da comisión** responde que esta axuda é ao emprendedor e non vai ligada a investimentos como as de AGADER. E iso é o éxito do programa EmprendOU. Esperemos que fagamos moitos programas como este. No emprendemento os analistas económicos falan de anos para poder ter unha actividade rendible e poder vivir dela. Esta axuda é para complementar os gastos, arrancar unha actividade é complexo ao principio, e o sabe como emprendedora.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que un dos problema que hai no rural é o parque de vivendas e dispoñer no mercado estas. Moitos concellos poñen en contacto aos demandantes e propietarios a través de páxinas. A Deputación, no debate do estado da provincia, levaba un punto de poñer en marcha unha plataforma informática como escaparate de vivendas no rural. Non coñecen o estado desa plataforma e solicitan información ao respecto.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, comparte unha reflexión xa que leu hai uns anos no Ministerio de Facenda e imaxina que se poderán consultar no INE, que indica que só o oitenta por cento das iniciativas empresariais non superaban o primeiro ano, e do restante só quedaba o dous ou tres por cento en tres anos. Os que superaban os tres anos xa quedaban. O estatisticamente frecuente é que unha empresa fracase e non é que se faga con intencionalidade fraudulenta.

A presidenta da comisión agradece a reflexión e lembra que durante este programa atravesamos unha pandemia e houbo moitas complicacións para manter a actividade recentemente empezada para moitos mozos e mozas. Houbo un contexto moi complexo e podemos estar moi orgullosos de todos eses empregos que se crearon nos concellos de reto demográfico da provincia. Houbo casos moi interesantes que se deron a coñecer na xornada tipo networking que se fixo en Expourense onde estes emprendedores se coñeceron entre eles. Así se un vende mel e outro fai fotografía, pode requirir os seus servizos de publicidade e así poder facer unha economía de rede local ou provincial. Todos quedamos moi satisfeitos do talento que hai na provincia na nosa xente moza, que ten ideas, ganas e quere traballar, e quere traballar no seu medio. Ogallá dentro duns anos poidamos falar dos EmprendOU, que naceron con esta axuda e que sigan aí e se convertan en empresarios relevantes e que todos poidamos dicir que participamos. Cada traballo novo que se crea no rural é unha vida, unha familia que se pode instalar e unha posibilidade de futuro e iso é o importante e o que temos que buscar.

E, ás 17.20 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

